

## **EDICIÓN ESPECIAL ACORDE ÁS MEDIDAS HIXIÉNICO SANITARIAS COVID-19**

### **1. Consideracións especiais, para a prevención de contaxios pola Covid-19.**

*Para colaborar na prevención de contaxios por Coronavirus COVID-19, recae especial atención sobre as familias usuarias deste programa estas consideracións:*

- *Non asistir á actividade no caso de que a temperatura dos menores supere os 37,5 grados.*
- *Comunicar aos responsables da actividade e o Concello de Santa Comba calquera incidencia que poida poñer en risco de COVID-19 o funcionamento da actividade do Concello de Santa Comba". Entre ditas incidencias inclúense desde unha sintomatoloxía a positivos en Covid-19 dalgún membro da unidade familiar ou de convivencia dos menores asistentes ao programa ou persoa coa que estivesen en contacto, etc....*

### **2. Admisión do risco e exención de responsabilidade en relación co coronavirus/covid-19**

*A través da aceptación do anteriormente exposto, os representantes legais dos participantes na actividade do concello de Santa Comba aceptan a seguinte cláusula de descargo sobre a organización.*

*"O Coronavirus, COVID-19, foi declarado como pandemia mundial pola Organización Mundial da Saúde, é extremadamente contaxioso, pode ser letal e o seu principal método de propagación é a través do contacto de persoa a persoa.*

*As autoridades sanitarias estableceron un abano de medidas que a título enunciativo e non limitativo inclúen o distanciamento social, evitar as aglomeracións de persoas e o uso de medidas de prevención do contaxio tales como máscaras.*

*Os responsables prestadores do servizo e o Excmo. Concello de Santa Comba adoptarán para a organización desta actividade todas as medidas sanitarias de prevención que dispoñan como obrigatorias as autoridades sanitarias, educativas e laborais.*

*Porén, os organizadores infórmanlle que non poden garantir que vostede, os seus fillos ou as súas familias non se infecten con COVID-19 como consecuencia do desenvolvemento da actividade.*

*Poñemos no seu coñecemento que esta actividade podería aumentar o risco para os seus fillos e as súas familias de contraer COVID-19.*

*Ao prestar a súa aceptación a esta cláusula, reconece ter sido informado da natureza contaxiosa do COVID-19 e do incremento do risco de contaxio que podería supoñer a asistencia do seu fillo ou filla a esta actividade, e asume voluntariamente o risco de que os seus fillos e/ou fillas e as persoas que estean en contacto con eles poidan estar expostos e/ou infectados por COVID-19 e que esa exposición, sexa directa ou*

*indirecta, pode derivar en lesións e danos persoais e enfermidades que poderían ocasionar incapacidades, mesmo permanentes ou a morte.*

*Polo exposto, os participantes e consecuentemente os seus representantes legais aceptan libre e voluntariamente asumir todos os riscos antes mencionados e asumen libre e voluntariamente a súa responsabilidade exclusiva por calquera lesión aos seus fillos, á súa familia ou a vostede mesmo, incluíndo, pero sin estar limitado as lesións persoais, discapacidade e morte, EXONERANDO EXPRESAMENTE aos responsables prestadores do servizo e ao Excmo. Concello de Santa Comba de calquera responsabilidade por enfermidade, dano, perda, discapacidade, lesións ou morte, xa sexa que a infección por COVID-19 ocorra antes, durante ou despois da participación nesta actividade.*

**3. Información adicional.** *A Alcaldía poderá ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada aplicación, interpretación e desenvolvemento destas normas.*

*En Santa Comba a 28 de xuño de 2021.*